A Historia da Literatura Galega 01

A cultura e a literatura trobadoresca



La Voz de Galicia

A HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

- UN PROXECTO EDITORIAL DE ERA PUBLICACIONES, S.L.
- COORDINADOR XERAL: JOSÉ ANTONIO PONTE FAR

Textos: Mª Luz Ínsua Ramil, Mª Eva Ocampo Vigo, Esperanza Piñeiro de Sanmiguel, José A. Ponte Far e Áurea Ramil Díaz

Corrección lingüística:
Mª Luz Ínsua Ramil e Áurea Ramil Díaz

Deseño: M. Malvido
Maquetación e montaxe:
Mª Teresa Puga, María G. Grandal
Produción: Irene Montero, Raquel G. Amarelle, Lucía Taboada, Pilar Freire, Silvia Valdés, Ana E. Martínez

Fotografía: Octo Gráfica

Colaboración gráfica especial: M. Moleiro Editor

Agradecementos: Fundación Luis Seoane e Real Academia Galega

Edita: © Era Publicaciones, S.L.

Imprime: Imprenta Mundo
Depósito Legal: C 1047-2010
ISBN: 978-84-96561-24-3

A Historia da Literatura Galega 01

A CULTURA E A LITERATURA TROBADORESCA

La Voz de Galicia

Índice

CONTEXTO HISTÓRICO DA IDADE MEDIA 1

A Idade Media europea comprende o período de tempo que transcorre entre a caída do Imperio romano de Occidente, no ano 476, ate a decadencia do Imperio bizantino, en 1453.

O descubrimento de América, en 1492, tamén é unha data referencial que serve para marcar o final da Idade Media.

Os historiadores dividen esta época en tres grandes etapas:

1. - Os inicios da Idade Media.
2. - A época de esplendor.
3. - A transición ao Estado Moderno.

1.1. Os inicios da Idade Media

O que entendemos por Idade Antiga acaba cando os pobos xermánicos invaden Europa e se asentan nos territorios do Imperio romano. O mapa de Europa vai cambiar debido a que os pobos xermánicos dividiron este continente en pequenos reinos e señoríos, gobernados polos seus xefes máis destacados.



Páxina do *Códice Calixtino*

Esta época caracterízase, sobre todo, polos continuos conflitos bélicos. A política e a economía convertéronse en localistas, polo que os tránsitos comerciais eran dificultosos, aínda que seguiu existindo unha economía monetaria.

É nese instante cando xorde a denominada *sociedade feudal* formada, na súa meirande parte, por plebeos –labregos– dedicados a traballar as terras do seu señor; no polo oposto estaban os nobres, reis, condes, duques, etcétera, que se dedicaban principalmente á guerra e ao goberno e á defensa das súas posesións nunha

época de grande inestabilidade. Por último, estaba o terceiro estamento social constituído polos eclesiásticos que, ademais do labor relixioso, dedicábanse á docencia e a outras actividades intelectuais.



A nobreza dedicábase principalmente á guerra e á defensa das súas terras

As invasións xermánicas

→ O Imperio romano vivía unha etapa de progresivo declive cando os pobos xermánicos avanzaban sobre Europa, acelerando a súa desaparición. Ao longo da Idade Media, a antiga *Gallaecia* –que comprendía non só a actual Galicia, senón tamén o norte de Portugal– foi invadida en sucesivas ocasións por diferentes pobos do norte. Os primeiros en ocupala foron os suevos, que acadaron un pacto co emperador romano para asentárense nesta provincia, instalando o seu centro político en Brácara Augusta, hoxe a portuguesa cidade de Braga.

No ano 456 os visigodos someten aos suevos tras a batalla de Órbigo, en León, e non asinan a paz ata once anos máis tarde. O catolicismo vai entrando con forza no reino suevo e no ano 559 o rei Teodomiro converte ao seu pobo a esta doutrina. Pouco despois, o visigodo Leovixildo invade Galicia, anexionando definitivamente o reino dos suevos. Xa a comezos do século

IX, descóbrense os restos do Apóstolo. Atraídos polos tesouros dunha urbe florecente, prodúcense novas invasións nórdicas, neste caso de viquingos, que chegaron en diversas incursións pola ría de Arousa. Adentrábanse no territorio subindo os leitos dos ríos e saqueando as vilas que atopaban no camiño. Os normandos tamén ameazaban con apoderarse de Galicia, ata que foron expulsados por San Rosendo, bispo de Compostela.



As invasións nórdicas chegaron a Galicia tras descubrirse os restos do Apóstolo e atraídas polos tesouros dunha cidade florecente: Compostela

As relacións sociais que existían nesta época eran:

1. O FEUDALISMO

Sistema de relacións militares e políticas. O señor e o seu vasalo asinaban un contrato de fidelidade que obrigaba ás dúas partes; o vasalo recibía feudos, en forma de terras ou de traballo, a cambio de axuda política ou militar ao seu señor.

2. O RÉXIME SEÑORIAL

Baseábase nunha relación económica e social que se establecía entre o señor e os seus súbditos –normalmente labregos– pola que estes vivían e traballaban nas terras do seu señor; a cambio, eran protexidos e ata o señor administraba xustiza entre eles. Este réxime mantívose en Europa ata finais da Idade Moderna e en Galicia perviviu máis tempo.

No século X ocorren as segundas migracións xermánicas, as invasións dos pobos viquingos e a desintegración do Imperio carolinxio. Estes acontecementos históricos marcarán o remate desta primeira etapa da Idade Media.



As relacións sociais da época baseábanse no feudalismo e no réxime señorial entre o señor e os seus vasalos

A sociedade feudal está composta polos plebeos, os nobres e os eclesiásticos

1.2. A ÉPOCA DE ESPLENDOR

Podemos dicir que a época de esplendor comeza no século XI cando, finalizadas as invasións, os pobos europeos comezan a organizarse. Desenvólvese o comercio, a pequena e grande escala, e a vida urbana, cultural e social aséntase.


Xorden as primeiras manifestacións dunha literatura culta –xa sexa en latín ou en lingua vulgar– na que intervén non só o estamento eclesiástico. Aparecen as primeiras universidades.

Co desenvolvemento das cidades emerxe a burguesía, que é unha nova clase social procedente do comercio e da artesanía.

Con todo, a Igrexa segue sendo a gran protagonista deste período; a autoridade do Papa era tan grande que o seu poder foi decisivo para conseguir unha certa unidade institucional en todo o continente europeo. Ademais, as distintas ordes monásticas constituíron unha parte moi activa na mellora da economía agrícola e no renacer urbano.

Estamos na época da arte románica e gótica, e o protagonismo da Igrexa evidénciase en todo

A Universidade de Santiago de Compostela



A universidade acada o seu desenvolvemento definitivo coa figura de Alonso III de Fonseca

→ O primeiro xermolo da Universidade de Santiago está vinculado á acción persoal dun notario compostelán chamado Lope Gómez de Marzoa, quen crea en 1495, co apoio do abade de San Martiño Pinario, unha escola para pobres que foi coñecida como Estudo de Gramática e que se instalou nunhas dependencias do mosteiro de San Paio de Antealtares. Desde este momento ábrese un período de incerteza fundamentado na escaseza de recursos. No ano 1504, accede a esta institución educativa a familia Diego de Muros. Este relixioso consegue que o papa Xulio II conceda unha bula que permite a

realización de estudos superiores no Estudo Vello ou de Gramática.

O período no que a Universidade acada o seu desenvolvemento definitivo vén definido pola figura de Alonso III de Fonseca, nomeado arcebispo de Santiago en 1507, que herdou o título do seu pai Fonseca II. Alonso de Fonseca está considerado como unha persoa extremadamente culta, un home do Renacemento, mecenas de numerosos artistas e sabios do momento, que mantén contacto con asiduidade con pensadores como Erasmo de Rotterdam.

Desta época data a compra para a Universidade do antigo Hospital de Peregrinos co obxecto de transformalo no colexio universitario. Constrúese o de Santiago Alfeo, hoxe denominado Colexio de Fonseca, epicentro da vida universitaria ata a segunda metade do século XVIII. *

(FONTE: UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

o continente europeo, como nos camiños de peregrinación no sur de Francia e en España.

Este período de esplendor remata a finais do século XIII, cando a unidade institucional que se mantivo ata estes momentos arredor da Igrexa empeza a decaer.



Imaxe sedente de Santiago coroado de mediados do século XIII que se atopa no Museo da catedral de Santiago

Arte: románico e gótico

→ Non cabe dúbida de que o Camiño de Santiago constituíu no seu momento non só unha ruta de peregrinación relixiosa, senón, paralelamente, unha vía de entrada da cultura e das tendencias artísticas procedentes de Europa. E Galicia conta cunha riqueza extraordinaria en exemplos de ambos os dous estilos espallados por toda a súa xeografía, desde pequenas capelas románicas en infinidade de vilas e aldeas ata a grandiosa catedral compostelá, que reúne a esencia tanto do románico como do gótico.

A arte románica chega a Galicia no século XI, despois de irse asentando polas terras que atravesa o Camiño. En cada país, o románico presenta unhas características propias, mais conta coa suficiente unidade como para seren considerado o primeiro estilo artístico de ámbito europeo.

O auxe do catolicismo, coa expansión das ordes relixiosas e o crecente poder da

Igrexa, deulle sentido a esta expresión artística, que transmite á perfección os valores relixiosos dese tempo.

A planta de cruz latina e o arco de medio punto son dúas das principais características da arquitectura románica, que tamén

Pinturas góticas da igrexa de Vilar de Donas (Palas de Rei)



presentaba contrafortes nos muros para suxeitar as bóvedas, largos alicerces e campanarios.

A medida que avanzaba a Idade Media, a sociedade foi tamén evolucionando, as urbes desenvólvense rapidamente ao tempo que o fan o comercio, a burguesía, as universidades... Neste marco, comeza a despuntar a arte gótica, que xorde no norte de Francia e vaise espallando por toda Europa.

A igrexa románica de Santa María de Cambre está datada no século XII



Fronte ás pequenas e escuras igrexas rurais do románico, o gótico eleva prodixiosas catedrais cheas de luz, desenvolve unha importante arquitectura civil e libera ao resto de expresións artísticas (pintura e escultura) da subordinación ao soporte arquitectónico. Isto non quere dicir que a inspiración relixiosa non estea presente, senón que se manifesta doutra maneira.

Agora as catedrais apuntan ao ceo, erguéndose e buscando tamén a elevación da alma na procura da divindade. O tratamento da luz é fundamental na arte gótica, conseguindo claras sensacións de elevación e ingravidez. A estrutura dos templos segue a ser de cruz latina, pero os arcos tórnanse apuntados; as bóvedas, de crucería, apóianse en contrafortes externos afastados dos muros por medio de arbotantes, o que permite construír edificios máis amplos e estelizados, nos que os vanos predominan sobre os muros. *

1.3. A transición ao Estado moderno

A partir do século XIV, a loita pola hexemonía entre a Igrexa e o Estado comeza a ser unha constante na historia de Europa.

Co crecemento demográfico e económico dos pobos e as cidades, os seus habitantes empezaron a pelexar por conseguir a autonomía política; ao mesmo tempo xorden tensións nas urbes máis importantes economicamente para impor os intereses de cada grupo social.

A partir do século XV comeza unha nova época, a que coñecemos como Idade Moderna.

1.4. A Idade Media na península Ibérica

Durante a Idade Media o desenvolvemento da Península foi moi especial, debido á presenza dos musulmáns e ao proceso da Reconquista.

O desenvolvemento económico, político, social e cultural viuse moi afectado pola división da Península entre un norte cristián e un sur musulmán.

1.5. *GALLAECIA*

Gallaecia era o nome co que os romanos designaron a Galicia. No ano 411 chegaron a ela os suevos que durante un século a mantiveron como reino independente coa capital en Braga (a actual cidade portuguesa).

Lauda sepulcral dun cabaleiro galego de entre os séculos XIV e XV



Cando viñeron os visigodos no ano 585 uníronse aos suevos.

No 711 os árabes chegan a España, aínda que foron poucas as incursións que levaron a cabo en Galicia.

A partir do século VIII Galicia estivo integrada na monarquía astur-leonesa, aínda que en ocasións moi fugaces contou con reis propios. Esta integración tivo o apoio da Igrexa e das ordes eclesiásticas, así como de moitos nobres que recibiran terras, é dicir, feudos, polos seus méritos militares na reconquista.

As revoltas Irmandiñas

→ As vilas e os burgos gozaban dunha situación privilexiada na última etapa da Idade Media, grazas ao esplendor comercial e ao florecemento da burguesía nos séculos XIV e XV. En contraposición, unha grave crise asolaba o campo galego. As pestes, as malas colleitas e os tributos desproporcionados que os señores feudais impoñían aos labregos serviron de caldo de cultivo para forxar un alzamento popular que se convertería na primeira

O castelo de Soutomaior foi derrubado nas revoltas irmandiñas e reconstruído por Pedro Madruga



gran convulsión social de España na Idade Media.

Pedro Álvares de Osorio, conde de Lemos; Diego de Andrade; Pedro de Soutomaior (Pedro Madruga); Lope Sánchez Moscoso; Sancho Sánchez de Ulloa e o mariscal Pardo de Cela dominaban Galicia e infundían a súa lei a forca e coitelo, polo que séculos máis tarde recibirían o alcume de "Os Condes Tolos".





Miniatura das *Cantigas de Santa María* que amosa o asalto a un castelo. A reprodución atópase no Torreón dos Andrade (Pontedeume)

Consecuencia deste contexto, o pobo alzouse para librar a derradeira guerra plenamente medieval de Europa, na que as frechas, as pedras e o aceite fervendo eran as armas máis prezadas. O primeiro intento de levantamento irmandiño foi en 1431, na bisbarra de Ferrol, cando Roi Xordo se enfrontou á Casa de Andrade, pero este conato sería axiña acalado. Terían que pasar aínda trinta anos para que, en 1467 a revolta se expandise por toda Galicia. Máis de 80.000 homes xuntaron esforzos para estragar o símbolo do poder feudal, os castelos, e case centenar e medio de fortalezas foron derrubadas pedra a pedra.

Os condes lograron conter a revolta, dobregar aos Irmandiños e obrigalos a reconstruír os seus castelos. Pero serían finalmente os Reis Católicos os que, co que se deu en chamar "doma e castración de Galicia", ordenaron a destrución de todas as torres que levantaran de novo os nobres e, atraéndoos á corte, afastáronos de Galicia.

COMPOSTELA NO SEU ESPLENDOR

No ano 813 descúbrese unha tumba que din pertence ao apóstolo Santiago. Este foi inmediatamente convertido en símbolo da unión dos cristiáns na loita contra o Islam e potenciado o sepulcro como atracción de peregrinación cristiá.

En 1124, cando Diego Xelmírez era arcebispo, remata de edificarse a catedral de Santiago de Compostela coa finalidade de que sirva para albergar ás multitudes de peregrinos que chegaban á cidade para visitar a tumba do Apóstolo. O arcebispo

Tumba do apóstolo Santiago na Catedral



Xelmírez puxo todos os medios para impulsar as peregrinacións ata o punto de conseguir do papa Calixto II que se instituíse o Ano Santo.

Cando o 25 de xullo cae en domingo, celébrase o Ano Santo compostelán, outorgándose a graza do xubileu ao que visite a tumba do Apóstolo.

Os peregrinos que chegaban á cidade do apóstolo facíano por distintos itinerarios, pero foi o camiño francés o Camiño de peregrinación por antonomasia. Esta ruta permitiu que Galicia estivese en contacto coas diferentes correntes culturais europeas e axudou a darlle esplendor a Compostela, que se converteu nun próspero e gran núcleo urbano. Este florecemento vai durar ata o século XIV.

O arcebispo Xelmírez loitou por darlle pulo ás peregrinacións ata que logrou que o papa Calixto II instituíse o Ano Santo





El 1124 rematou a edificación da catedral de Santiago coa finalidade de albergar ás multitudes de peregrinos que chegaban á cidade para vistar o sepulcro do Apóstolo

A corte de don Dinís

→ Pódese dicir que o reinado de don Dinís supuxo un antes e un despois para Portugal. Fillo de Afonso III e da infanta Beatriz de Castela –e neto, por ende, de Afonso X o Sabio–, don Dinís naceu no ano 1261. Accedeu ao trono con apenas dezaoito anos, pero xa o seu pai o introducira nos asuntos da gobernación desde ben novo.

Don Dinís non foi un rei guerreiro, senón un administrador, preocupado de xeito prioritario pola ordenación do seu reino. Así mesmo, realiza un gran labor no desenvolvemento da agricultura, promovendo esta actividade, redistribuíndo terras, creando comunidades rurais e mesmo feiras e mercados. Ao chegaren ao trono, Portugal estaba en liza coa Igrexa católica, pero o novo rei deseguida asinou un tratado co papa Nicolao III, comprometéndose neste a salvagardar os intereses da Igrexa no seu país. Anos máis tarde, en 1295,

declarouse a guerra con Castela, pero axiña desistiu dela e asinou a paz a través do Tratado de Alcanises, no que se definiron as fronteiras entre España e Portugal, tal e como as coñecemos. Por outra parte, promoveu a cultura en Portugal coma ningún rei o fixera. Hai quen asegura que foi o primeiro rei non analfabeto dese país. Pero ademais, no seu reinado desenvolveuse a poesía trobadoresca, mesmo el compuxo unha serie de cantigas de amigo e incluso escribiu outros libros sobre administración ou caza. Foi por todo isto polo que don Dinís pasou á historia co alcume de O Rei Trobador. ✱



Estatua de Afonso III, pai de don Dinís, coñecido como O Rei Trobador

A LINGUA E A LITERATURA NA IDADE MEDIA 2


2.1. A LINGUA

O castelán medieval procede directamente do latín vulgar que as tropas romanas introduciron en España. Aínda que o latín seguiu utilizándose como linguaxe litúrxica e cultural, foron as distintas linguas romances as que se impuxeron na fala da Idade Media en España.

No norte peninsular, na *Gallaecia* dos romanos, o latín vulgar foise transformando ata converterse no galego-portugués medieval; lingua que entre os séculos XII e XIV foi utilizada como forma de expresión dunha poesía de notable prestixio.

Logo da formación dunha lingua romance diferenciada, no noroeste peninsular aparece a literatura galega escrita a finais do século XII; esta literatura non se distingue en nada da portuguesa durante toda a Baixa Idade Media. A súa orixe débese, como no resto da Península, á influencia do lirismo provenzal.

A literatura galega escrita ten a súa orixe no lirismo provenzal



2.2. A NOSA PRIMEIRA *KOINÉ* LITERARIA

Desde que xorde a nosa lírica, e ata a súa decadencia, é difícil facer unha distinción entre a produción poética galega e a portuguesa, pois existe unha unidade lingüística, unha *koiné*, que se vai manter ata moito despois da separación política de Galicia e Portugal, a mediados do século XII.

A lingua que aparece utilizada nas cantigas non se corresponde con ningunha outra lingua ou dialecto. É froito dunha convención entre os trobadores, que escolleron entre as variantes galegas e portuguesas, aquela que se adaptaba mellor á expresión que eles querían manifestar. Esta *koiné* sería, polo tanto, a primeira manifestación de lingua estandarizada do idioma galego.

No século XV comeza o abandono desta lingua que non vai rexurdir na literatura ata o século XX, aínda que existen algunhas manifestacións nun galego sen estandarizar durante os chamados séculos escuros, que se corresponden cos XVI, XVII e XVIII. Despois continuará unha época de maior esplendor no chamado Rexurdimento.

Como afirma Anxo Tarrío: "As primeiras manifestacións da literatura galega e portuguesa confúndense, xa que nun principio ambas as literaturas usaron a mesma lingua literaria. Unha especie de *koiné* equiparable, como fenómeno cultural, ao que no sur de Francia dera lugar á poesía trobadoresca".

2.3. Ámbito xeográfico

A produción escrita que se conserva da lírica galego-portuguesa comprenden textos datados entre os últimos anos do século XII e mediados do XIV.

Cando aparece esta produción, faino nas distintas cortes da Península. A corte de León vai ser o centro onde se sitúan as influencias que os poetas occitanos exerceron sobre os galego-portugueses.

Na corte de Afonso X de Castela, onde se amalgaman poetas de diferentes nacionalidades, vanse compor poemas en galego-portugués. O mesmo vai ocorrer en Portugal, na corte do rei Dinís.

GALLAECIA E PORTUCALE

O actual nome de *Galicia* procede do latino *Gallaecia* que, segundo a división administrativa romana, abarcaba o territorio delimitado polo leste ata máis aló de Astorga e polo sur ata o río Douro. Así pois, a zona de territorio comprendida entre os ríos Miño e Douro mantivo durante uns séculos unha historia, lingua e literatura común.

O territorio denominado como *Portucale* polos romanos ansiaba unha autonomía da coroa xa desde o século XI, en que se rebela contra o rei García de Galicia e despois contra o rei de Castela e León Afonso VII, que lle outorga o estatuto de condado, pondo o límite divisorio con Galicia no río Miño.

O territorio de Portugal ansiaba obter a autonomía da coroa xa desde o século XI



A CULTURA TROBADORESCA 3

A partir do século XI toda Europa vive unha época de asentamento dos núcleos urbanos co cesamento dos conflitos bélicos que tiveran lugar ata pouco tempo atrás. A vida económica faise máis próspera e as clases adiñeiradas comezan a sentirse interesadas por todo o relacionado coa cultura e a arte.

Esta nova actitude vén fomentada polo contacto e a influencia da cultura árabe, mantida polos nobres nas Cruzadas a Terra Santa. A arte de versificar, tocar un instrumento musical ou cortexar a unha dama empezou a ter moita importancia entre as clases altas por considerarse signos de distinción e exquisitez.




O Camiño de Santiago trouxo a Galicia os novos costumes dos trobadores franceses

É a través do Camiño de Santiago por onde penetran en Galicia esas novas formas de vida, traídas polos nobres trobadores occitanos e franceses. Tamén o contacto dos cabaleiros cristiáns cos árabes durante a Reconquista tivo a súa repercusión. Non menos importante foi a influencia que a orde monástica francesa de Cluny tivo

na Igrexa e nos fillos dos nobres que estudaban baixo o seu maxisterio.

Pero o centro impulsor do primeiro lirismo trobadoresco galego-portugués foi Santiago de Compostela, de onde pasa ás cortes de Castela, León e Portugal. A maioría dos poetas son galegos e portugueses pero tamén os hai de Provenza, Aragón, Castela... Todos empregaban o galego-portugués, lingua que se converteu en código lírico durante dous séculos. O Marqués de Santillana, no século XV, xa constatou por escrito este feito:

> Non ha mucho tiempo qualesquier decidores e trovadores destas partes, agora fuesen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa [...]



Na poesía trobadoresca a dona debe quedar libre de toda crítica que prexudique a súa honra

3.1. O amor cortés e a cultura cortesá e cabaleiresca

Neste ambiente medieval e nobre nace o amor cortés, que é a suma da cultura cabaleiresca e dun concepto platónico e místico do amor.

O amor, tal como aparece na lírica medieval, é un sentimento nobre e espontáneo que, rexido por un código, dá sentido á vida. Nace nas cortes do sur de Francia, onde existía unha civilización refinada no luxo e as artes; na súa difusión tivo parte a duquesa Leonor de Aquitania, neta de Guillermo IX, que foi considerado o primeiro trobador coñecido.

O poeta tratará á súa dama como un cabaleiro ao seu rei; prometeralle obediencia, fidelidade, servidume e discreción; non deberá revelar a identidade da dama por ningún medio, xa que esta en moitos casos é unha muller casada. A dama aparece no poema nomeada como *o meu señor.*

O amor do cabaleiro, para algúns autores, é un amor platónico, pois o amante ve á súa amada como unha suma de calidades físicas e morais, muller á que venerará de forma case mística. Con



Nalgunhas cantigas medievais o cabaleiro ten un amor reverencial pola súa dama

todo, outros estudosos din que este amor reverencial é un don gratuíto que non se dá dentro do matrimonio, porque nel non sería nin libre nin gratuíto. O verdadeiro amor aparece fóra dos lazos sacramentais e sociais e será, polo tanto, un amor adúltero. A dama debe quedar sempre libre de

toda crítica que menoscabe a súa honra, polo que é nomeada cun pseudónimo para non revelar a súa identidade.

A sociedade na que aparece o amor cortés é profundamente cristiá, cunha moral rigorosa e fortes lazos familiares, onde a muller se atopa na situación máis humilde.

O amor cortés manifestase nunha produción lírica –a canción provenzal– que se desenvolveu en Francia a partir do século XII e chegou á Península posteriormente.




A cultura cabaleiresca é unha das temáticas máis comúns da lírica galego-portuguesa

3.2. Os autores da lírica trobadoresca

A arte de trobar consistía na mestría de compor versos e música. Na Idade Media distinguíase entre **poeta**, que era o autor que escribía en latín culto, e **trobador**, que escribía na súa lingua vernácula e para quen compor era sinónimo de cantar.

Tamén existía a figura do **xograr**, que tiña moitos puntos en común co oficio do trobador, pois ás veces tamén compoñía versos.

Ao contrario que os trobadores provenzais, que eran de orixe nobre, na lírica galego-portuguesa os autores non eran todos nacidos en familias aristocráticas.



Rei David tocando un cordófono ubicado na porta de Praterías da catedral de Santiago

Os tres tipos de compositores que existiron na lírica do noroeste peninsular foron:

3.2.1. Os trobadores

O termo *trobador* é de orixe provenzal e xa aparece acuñado en textos galego-portugueses do século XIII.

Con esta palabra designábase a aqueles homes que tiñan calidades artísticas no dominio da gramática, a retórica e a música.



Os trobadores máis ricos tiñan un xograr ao seu servizo

Algúns trobadores pertencían ás altas clases sociais, como a nobreza e ata foron reis como Afonso X o Sabio ou don Dinís de Portugal. Adoitaban practicar a arte de trobar de xeito desinteresado e polo seu propio pracer. Unha vez composta a cantiga, entregábanlla aos xograres para que interpretasen. Os trobadores máis ricos tiñan un xograr ao seu servizo para cubrir estes mesteres.

Con todo, tamén había un bo número dos que exercían este oficio que procedían dos baixos estamentos da sociedade. Eran homes que vivían da profesión e o público era o que se encargaba de pagarlles segundo a súa categoría profesional.

Os trobadores eran, a maioría das veces, os autores e compositores das cantigas, aínda que non sempre as interpretaban, cando o facían, adoitaba ser en escenarios especiais como nas cortes señoriais ou nos atrios das igrexas.

3.2.2. Os xograres

Existían dúas clases de xograres, os que vivían viaxando constantemente, realizando as súas representacións nas prazas dos pobos a cambio de diñeiro, e os que tiñan un traballo fixo na corte do rei ou dun nobre.

> A figura do trobador e a do xograr mestúranse de maneira que non están claramente definidas.

O xograr adoitaba ser un acompañante do trobador que interpretaba, cun instrumento musical ou simplemente co seu canto, as composicións compostas por aquel. Pero tamén existen datos da existencia do trobador-xograr, que, non só acompañaba coa música a cantiga, senón que tamén a compoñía. O xograr adoitaba ser de humilde condición, aínda que se tiñan intelixencia e modais podían acabar acadando a categoría de trobador. Por exemplo, está o caso de Bernardo de Bonaval, quen a pesar da súa extracción social, foi recoñecido como trobador grazas aos seus propios méritos co paso do tempo. Existiron tres tipos de acompañantes do trobador: o xograr bufón, o xograr intérprete e o propiamente xograr compositor.

3.2.3. Os segreis ou segrares

Esta figura foi obxecto de múltiples estudos por parte dos críticos que non chegaron a axuntar os seus criterios. Algúns manteñen que entre as figuras de segrel e xograr e segrel e trobador non hai diferenzas, mentres que outra parte dos estudosos opinan que é unha figura intermedia entre o xograr e o trobador. Para o crítico e catedrático



Algúns xograres tiñan un traballo fixo na corte dun rei ou dun nobre

de Lingua e Literatura da Universidade de Vigo, Xosé Ramón Pena, gran coñecedor deste tema, *segrel* sería aquela persoa que cobraba polo traballo de cantar e compor, polo que se distinguía así do trobador nobre, que nunca cobraría, por consideralo unha cuestión deshonrosa.

Por outra banda, sabemos que os segreis pertencían á pequena nobreza. Deste xeito, eran poetas e cantores de profesión, aínda que as composicións que interpretaban tamén podían pertencer a outros autores. Ademais, vivían actuando nas diferentes cortes de Castela e León, onde se lles pagaba por amosar as súas habilidades en público.

Socialmente, os segreis ocupaban un nivel máis alto que os xograres, xa que adoitaban ser escudeiros, e esta categoría pertencía ao nivel máis baixo da nobreza.

O segrel é unha figura exclusiva da lírica galega.

Na realidade os segreis e os xograres non se diferenciaban; ambos cantaban e compoñían as súas propias producións poéticas.

Nos séculos XIV e XV o segrel deu paso ao menestral.

3.2.4. As soldadeiras

Eran mulleres que se dedicaban a cantar, bailar e tocar instrumentos musicais acompañando aos xograres e segreis. En realidade, facían o oficio de xograresas; gozaban de mala fama porque os seus costumes eran de dubidosa moralidade; adoitaban ir detrás dos exércitos cando estes saían a pelexar. Nas cantigas onde se fala das soldadeiras sempre se fai de forma obscena e fixándose só no carácter sexual destas mulleres, sen ter en conta nunca a calidade artística que puidesen amosar nas súas actuacións.


O laúde era un instrumento moi utilizado na época medieval

A soldadeira de maior fama foi a chamada María Pérez, á que se coñecía polo mote de María Balteira.

Entre os séculos XIV-XV aparece tamén a figura dos menestreis. Eran os encargados da parte musical, xa que se trataba de músicos que tocaban os máis diversos instrumentos e que acompañaban aos cantores.

María Balteira

→ Na Idade Media en Galicia, como no resto de Europa, a muller non desenvolvía un papel esencial. O seu destino era casar ou ben entrar nun convento, en moitos casos empregadas como moeda de cambio no interese da súa familia, especialmente nos estamentos máis elevados.

Pero existía outra opción, á que se acollían algunhas ousadas, que preferían unha maior liberdade a cambio do desprezo de boa parte da sociedade da época, ou as que non tiñan outra forma de saír adiante. Eran as soldadeiras, mulleres, adscritas á corte, que tiñan como oficio cantar e bailar, polo que se lles pagaba unha soldada. María Pérez, máis coñecida como María Balteira, disque foi a soldadeira máis famosa da súa época.

Nacida en Betanzos, fidalga de orixe e con bens de seu, María Balteira frecuentou as cortes de Fernando II e de Afonso X o Sabio. Sabemos da súa vida a través de quince

cantigas de escarnio escritas por dez trobadores distintos, entre os que se contaban Pedro Amigo de Sevilla e Pedro de Ambroa, os dous betanceiros de orixe, igual ca ela. E mesmo Afonso X dedicoulle algunha. Tanto interese e tanta crítica en torno á súa persoa, parece indicar que debeu ter moito peso na corte.

En todas elas pintábase un retrato de María Balteira pouco favorecedor, no que se subliñaba a súa vida desordenada, os vicios máis condenables, o seu gusto polo xogo e polo engano, por non falar da promiscuidade con homes de toda condición. Din tamén as cantigas que participou nunha cruzada e que chegou a volver a espalda a Roma, asegurando que só a Meca tiña capacidade de absolución.

Mais no seu leito de morte, probablemente asustada polas chamas do inferno ao que se vía abocada, pide a confesión, pero non atopa máis pecado do que arrepentirse que a súa vellez. *



María Balteira por Luis Seoane (1944 ca.). Gravado en madeira sobre papel incluído en *María Pita y tres retratos medievales* e en *Catro poemas galegos*. Fundación Luis Seoane

3.3. Cronoloxía da lírica galego-portuguesa medieval

Dividirémola nos seguintes períodos:

1. Etapa primitiva, que abrangue desde finais do século XII a comezos do XIII.

2. Etapa de esplendor, que constitúe a idade de ouro da literatura galego-portuguesa. Ten dúas fases:

   a) **O período alfonsino**, que vai aproximadamente desde o ano 1240 ao 1280. Ocupa os reinados de Afonso X o Sabio, en Castela, e Afonso III, en Portugal.

   b) **O período dionisíaco**, que comprende o reinado do fillo de Afonso III, don Dinís de Portugal, e remata en 1354 coa morte do fillo deste, don Pedro o conde de Barcelos, considerado como o último trobador da chamada escola galego-portuguesa.

3. Etapa de decadencia, que ocupa os últimos anos do século XIV e o XV. Destacan dúas escolas:

a) **A escola galego-castelá,** formada polos últimos trobadores que empregan o galego nalgunhas das súas composicións, xa que son bilingües, e empregan o castelán noutras.

b) **A escola castelán-portuguesa**, que aglutina aos poetas portugueses que empregaban indistintamente o portugués ou o castelán nas súas obras. Pero esta escola afecta indirectamente á poesía galega.



Gravado do sepulcro de Fernán Pérez de Andrade (Igrexa de San Francisco, Betanzos)

3.4. Os cancioneiros

A existencia da nosa lírica medieval descubriuse no século XIX. Carolina Michaëlis de Vasconçelos publica en 1904 a primeira edición crítica comentada do *Cancioneiro de Ajuda*, que evidencia a existencia do cultivo da poesía ao noroeste e oeste da Península.

Existen varios cancioneiros (códices manuscritos) nos que se recompilan todas as poesías galego-portuguesas que se conservan.

- O Cancioneiro de Ajuda
Denomínase deste xeito por atoparse no pazo portugués do mesmo nome e estar depositado na biblioteca de Ajuda, en Lisboa. É unha copia realizada na corte portuguesa a finais do século XIII ou principios do XIV.

- O Cancioneiro de Vaticana
Foi descuberto e gardado na biblioteca do Vaticano e copiado en Italia no século XVI a partir dun cancioneiro que non se conserva. A diferenza do cancioneiro de Ajuda, este ten o nome dos autores, que suman máis de cen.

• O Cancioneiro de Colocci-Brancuti
Debe o seu nome composto a Angelo Colocci –humanista italiano que encargou que fose copiado o cancioneiro– e á familia Brancuti –na súa biblioteca apareceu o manuscrito a finais do século XIX. Tamén é coñecida esta copia co nome de **Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa**, lugar onde se atopa na actualidade. É o cancioneiro máis completo en canto ao número de cantigas: máis de mil seiscentas de diferentes xéneros.

O Cancioneiro de Bancroft Library, coñecido tamén como **Cancioneiro de Berkeley** foi descuberto recentemente; trátase dunha copia do Cancioneiro de Vaticana realizado en Italia a finais do século XVI ou principios do XVII.


Un caso curioso atopámolo noutro documento coñecido como **O Pergameo Vindel**, chamado así por ser Vindel o apelido do libreiro que o descubriu.

Trátase dun pergameo único en Europa no que aparecen sete cantigas de amigo da

Os libros miniados ou iluminados

→ Algúns dos libros editados no Medievo están ilustrados con detalladas miniaturas que amosaban situacións da vida da época, escenas relixiosas ou históricas, etc. Estes códices son coñecidos como miniados (polo uso do "minio", pigmento co que se debuxaban algunhas letras) ou iluminados (xa que o amanuense indicaba na marxe das páxinas como debían ser as miniaturas, é dicir, iluminaba ao debuxante). Ademais, os máis luxosos contaban con finas follas de ouro e prata nos debuxos ou nas letras capitulares. As escenas ilustraban os contidos e a temática do libro en cuestión.

Un dos miniaturistas máis destacados foi o francés Jean Pucelle, que viviu no século XIV e que tiña un obradoiro en París. Pucelle creou escola en Europa e desenvolveu o estilo cortesano. Entre as súas obras máis recoñecidas están *Heures de Jeanne d'Évreux* ou o *Libro das horas de Xoana de Evreux*, raíña de Francia, que



Jean Pucelle, un dos miniaturistas máis recoñecidos de Europa, foi o autor do *Breviario Belleville*, que se atopa na Biblioteca Nacional de Francia

se conserva no Museo Metropolitano de Arte de Nova York, e o *Breviario Belleville*, que se atopa na Biblioteca Nacional de Francia, en París.

Dentro dos manuscritos iluminados, encóntranse os coñecidos como libros de horas. De temática relixiosa, eran obras creadas especificamente para unha persoa da nobreza e incluían liturxias, salmos e rezos para distribuír ao longo do día ilustrados con iconografía do cristianismo medieval.

En España, os libros ilustrados máis antigos son a *Biblia de Ripoll* e a *Biblia de San Pedro de Roda*, de orixe catalá pero que hoxe están na Biblioteca Vaticana e na Biblioteca Nacional de París, respectivamente. O *Liber Testamentorum* da catedral de Oviedo, encargo do bispo Pelayo, é outro dos manuscritos miniados máis antigos que se elaboraron na Península, ademais dos códices que agrupan as obras de Afonso X o Sabio. *

autoría de Martín Codax, seis delas con partitura musical. Está escrito en folla de pergameo do século XIII, como os que empregaban os xograres que interpretaban estas composicións.

Tamén hai que citar entre os documentos que se conservan os pertencentes á lírica relixiosa: as famosas **Cantigas de Santa María,** compostas persoalmente polo rei Afonso X o Sabio.



Reprodución dunha miniatura das *Cantigas de Santa María* que se atopan no centro de interpretación do Torreón dos Andrade en Pontedeume




XACOBEO 2010
Galicia


XUNTA
DE GALICIA


2010
ano da lectura